Universidade Vigo
Reitoría
Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310-Vigo
España
sreitor@uvigo.es
www.uvigo.gal

RESOLUCIÓN REITORAL DO 12 DE MAIO DE 2020 SOBRE CONTINUIDADE DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS INDISPENSABLES PARA A DOCENCIA, A INVESTIGACIÓN E A TRANSFERENCIA NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Á vista de que o artigo 1.2º do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo, indica que "correspóndelle á Universidade de Vigo, no marco das súas competencias, a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria",

Á vista de que o parágrafo primeiro do número VII do Preámbulo da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, destaca "*el manifiesto compromiso de los poderes públicos de promover y estimular, en beneficio del interés general, la investigación básica y aplicada en las Universidades como función esencial de las mismas*",

Á vista de que o funcionamento básico do servizo público da educación superior, cuxa prestación corresponde á Universidade de Vigo, cara á organización das actividades docentes do curso académico, así como o desenvolvemento da investigación e da transferencia do coñecemento, en beneficio do interese xeral, requiren tramitar axeitadamente e coa antelación suficiente numerosos e variados procedementos administrativos,

Á vista de que o parágrafo cuarto da Disposición Adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, *por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19* (pese á suspensión de términos e interrupción de prazos nos procedementos administrativos establecida no parágrafo terceiro) sinala que "*las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos (…) que sean indispensables (…) para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios*",

Á vista do disposto no punto terceiro da Resolución Reitoral do 27 de marzo de 2020, sobre a suspensión dos términos e dos prazos dos trámites nos procedementos administrativos da Universidade de Vigo durante o estado de alarma, onde se establece "a continuidade daqueles procedementos administrativos indispensables para o funcionamento básico dos servizos, previa resolución motivada do Reitor",

Á vista de que o parágrafo c) do artigo 19 da Orde SND/399/2020, de 9 de mayo, *para la flexibilización de determinadas restricciones de ámbito nacional, establecidas tras la declaración del estado de alarma en aplicación de la fase 1 del Plan para la transición hacia una nueva normalidad* (BOE do 9 de maio) dispoñe que, cara á reapertura das Universidades, "*se limitará al máximo posible el empleo de documentos en papel y su circulación*",

Á vista de que o punto segundo da Resolución Reitoral de 14 de marzo de 2020, de peche temporal de instalacións, centros e servizos na Universidade de Vigo prevé manter o uso do rexistro electrónico, en funcionamento desde o derradeiro 16 de marzo,

Á vista do parágrafo primeiro do artigo segundo do Regulamento da Sede Electrónica que sinala que a mesma "é o enderezo electrónico dispoñible para que a comunidade universitaria e a cidadanía en xeral accedan á información, os servizos e os trámites electrónicos que proporciona a Universidade de Vigo",

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310-Vigo
España
sreitor@uvigo.es
www.uvigo.gal

Á vista do parágrafo primeiro do artigo sétimo do Regulamento da Sede Electrónica onde se indica que "para acceder aos servizos ofrecidos dende a Sede Electrónica, as persoas interesadas utilizarán calquera dos sistemas de sinatura electrónica establecidos na lexislación vixente admitidos pola Universidade de Vigo segundo a información que será pública e dispoñible na Sede Electrónica",

Á vista de que a Sede electrónica da Universidade de Vigo admite os certificados electrónicos da plataforma Cl@ve (Identidade electrónica para as Administracións) incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación" do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, onde é posible o rexistro de xeito non presencial en Cl@ve, dende o propio domicilio, e sen necesidade de acudir a ningún rexistro físico,

Á vista do parágrafo primeiro do artigo 12 do Regulamento da Sede Electrónica, sobre o taboleiro electrónico oficial, xa en funcionamento, que dispoñe que "o taboleiro de anuncios é o lugar físico onde se publican as comunicacións, convocatorias, regulamentos, resolucións e toda aquela información dirixida a un número indeterminado de persoas interesadas",

Á vista dos artigos primeiro e terceiro do Regulamento do Rexistro Electrónico da Universidade de Vigo, que establecen respectivamente o seu obxecto así como as súas funcións, entre as que se atopan "a recepción e remisión de solicitudes, escritos, comunicacións e recursos relativos aos trámites e procedementos que correspondan, así como dos documentos adxuntos",

Á vista das medidas adoptadas pola Xerencia e pola Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade da Universidade para garantir o traballo a distancia do persoal de administración e servizos duante o dito estado de alarma,

Á vista de que, tras case dous meses da declaración do dito estado, a nosa Comunidade Autónoma atópase na "Fase I" do denominado "Plan para la transición hacia una nueva normalidad", atenuándose así as medidas de confinamento da poboación, o que neutraliza eventuais obstáculos que puideran derivar, por exemplo, no eido rural da chamada "fenda dixital".

Á vista da Resolución do 27 de abril, pola que se establece a continuidade dos procedementos administrativos indispensables para o funcionamento básico dos servizos e se modifica a Resolución Reitoral do 27 de marzo do 2020 sobre a suspensión dos términos e dos prazos dos trámites nos procedementos administrativos da Universidade de Vigo durante o estado de alarma.

Esta Reitoría **R E S O L V E**

Primeiro.- que, no ámbito das súas respectivas competencias delegadas nos eidos da docencia, da investigación e da transferencia do coñecemento, os órganos competentes, mediante resolución motivada e coa debida publicidade, poderán detallar os procedementos administrativos indispensables susceptibles de continuar para o funcionamento básico dos servizos ou a protección do interese xeral, sempre que os mesmos poidan levarse a cabo por medios electrónicos, referíndose tal continuidade tanto ao inicio dun procedemento como ao seguimento da tramitación doutro xa iniciado que, en tal caso, comezará ao día seguinte da publicación da correspondente resolución.

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310-Vigo
España
sreitor@uvigo.es
www.uvigo.gal

Segundo.- que, de xeito excepcional, durante a vixencia do estado de alarma ou de sucesivas prórrogas do mesmo, os documentos que, debendo asinar electrónicamente a persoa solicitante, puidera presentar asinados manualmente sexan aceptados polos servizos da Universidade sempre que a dita persoa axunte unha declaración responsable sobre a veracidade e autenticidade dos documentos correspondentes, que lle deberá reclamar o servizo, en caso de faltar a mesma.

Terceiro.- que aos procedementos incluidos no ámbito da presente Resolución non se lles aplicará a antedita Resolución do 27 de abril, pola que se establece a continuidade dos procedementos administrativos indispensables para o funcionamento básico dos servizos e se modifica a Resolución Reitoral do 27 de marzo do 2020 sobre a suspensión dos términos e dos prazos dos trámites nos procedementos administrativos da Universidade de Vigo durante o estado de alarma.

O Reitor